

# IDENTIDADE E XÉNERO EN GALICIA

dende unha perspectiva  
interdisciplinaria

9-11 de maio de 2016



# ORGANIZADORES E PATROCINADORES



# PATROCINIO DE HONOR



# IDENTIDADE E XÉNERO EN GALICIA

dende unha perspectiva  
interdisciplinaria

# ORGANIZADORES E PATROCINADORES

INSTITUTO DE ESTUDOS IBÉRICOS E IBEROAMERICANOS  
DA UNIVERSIDADE DE VARSOVIA

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DE VARSOVIA

CENTRO DE ESTUDOS GALEGOS DE KIEL

CONSELLO DA CULTURA GALEGA

CENTRE DONA I LITERATURA

## PATROCINIO DE HONOR

EMBAJADA DE ESPAÑA

# IDENTIDADE E XÉNERO EN GALICIA

dende unha perspectiva  
interdisciplinaria

Varsovia (Polonia), 9-11 de maio de 2016

# Programa

Todas as sesións se celebrarán no edificio da Facultade de Neofiloxía da Universidade de Varsovia, R/DOBRA 55 excepto as sesións da tarde do 9 DE MAIO que se celebrarán no edificio do Instituto Cervantes de Varsovia, R/NOWOGRODZKA 22.

9.05.2016	10.05.2015	11.05.2015
	<b>9:00-10:30</b> SESIÓN DE COMUNICACIÓNS <b>5. 1.007</b> <b>6. 3.022</b>	<b>9:00-10:30</b> SESIÓN DE COMUNICACIÓNS <b>10. 1.007</b> <b>11. 3.024</b>
<b>09:00-09:30 (s.1.007)</b> INSCRICIÓN	<b>10:30-11:30 (s.1.007)</b> SESIÓN PLENARIA Helena González Fernández “A cicatriz branca: as mulleres emigrantes e a alienación afectiva” (MODERA: Katarzyna Moszczyńska)	<b>10:30-11:30 (s.1.007)</b> SESIÓN PLENARIA Beatriz Suárez Briones “O ideal da identidade: xénero, sexo e sexualidade como elementos deconstructivos” (MODERA: Marta Pawlikowska)
<b>09:30-10:00 (s.1.007)</b> ACTO DE APERTURA DO CONGRESO Román Rodríguez González, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria	<b>11:30-12:00</b> DESCANSO	<b>11:30-12:00</b> DESCANSO
<b>10:00-11:00 (s.1.007)</b> SESIÓN PLENARIA Dolores Vilavedra “Singularidades da articulación socio-discursiva da narrativa galega de autoría feminina” (MODERA: Antía Marante Arias)	<b>12:00-13:00 (s.1.007)</b> SESIÓN PLENARIA Tadeusz Miłkowski “La imagen de la mujer emigrante en el cine” (MODERA: Ana Garrido González)	<b>12:00-13:30</b> SESIÓN DE COMUNICACIÓNS <b>12. 1.007</b>
<b>11:00-11:30</b> DESCANSO	<b>13:00-14:30</b> SESIÓN DE COMUNICACIÓNS <b>7. 1.007</b>	<b>13:30-15:00</b> DESCANSO

9.05.2016	10.05.2015	11.05.2015
<b>11:30-13:00</b> SESIÓN DE COMUNICACIÓNS <b>1. 1.007</b> <b>2. 3.024</b>	<b>14:30-16:00</b> DESCANSO	<b>15:00-16:30</b> SESIÓN DE COMUNICACIÓNS <b>13. 1.007</b> <b>14. 3.016</b>
<b>13:00-15:00</b> DESCANSO	<b>16:00-17:00 (s. 1.012)</b> SESIÓN PLENARIA Carme Fernández Pérez-Sanjulián “Da Galiza a Polonia: literatura e identidade nacional?” (MODERA: Natalia Szejko)	<b>16:30-17:30 (s.1.007)</b> SESIÓN PLENARIA María Xosé Agra “Fronteiras e territorios do feminismo: Galiza e Europa” (MODERA: Olga Castro)
<b>15:00-16:30</b> SESIÓN DE COMUNICACIÓNS <b>3. Instituto Cervantes</b> <b>4. Instituto Cervantes</b>	<b>17:00-18:30</b> SESIÓN DE COMUNICACIÓNS <b>8. 1.012</b> <b>9. 3.016</b>	<b>17:30-18:00 (s.1.007)</b> CLAUSURA DO CONGRESO
<b>16:30-17:30</b> <b>(Instituto Cervantes)</b> SESIÓN PLENARIA Maria Filipowicz “A experiencia da meta- existencia na literatura galega. Caso de Rafael Dieste” (MODERA: Bartosz Dondelewski)	18:30-20:30 VISITA GUIADA Á CIDADE DE VARSOVIA	18:00 CEA DE CLAUSURA
<b>17:30-18:00</b> DESCANSO		
<b>18:00-20:00</b> <b>(Instituto Cervantes)</b> EXPOSICIÓN DE FRANCISCO R. REMISEIRO (MODERA: Maria Boguszewicz)		

9.05.2016

11:30-13:00

1. s. 1.007

MODERA: Olga Castro

<b>Katarzyna Moszczyńska</b>	Entre el orgullo, el amor romántico y las zonas “invivibles” de la vida: A semellanza, de María Xosé Queizán	p.99
<b>Catherine Barbour</b>	Rurality Revisited: Identity, Ecology and Gender in the Novels of Teresa Moure	p.99
<b>Paloma García Rodríguez</b>	Reinterpretación de los papeles de la Penélope y Circe clásicas en Circe ou o pracer do azul, de Begoña Caamaño	p.99
<b>Alicia Romero López</b>	Relacións de xénero na narrativa de Laura Caveiro	p.99

2. s. 3.024

MODERA: Lidia López Teijeiro

<b>Carmen Mejía</b>	<i>Tres tempos e a esperanza</i> (1962/2002) de M <sup>a</sup> Victoria Villaverde. Un testemuño feminino da guerra civil desde o exilio	p.99
<b>María Isabel Gómez Rodríguez</b>	A escritura usurpadora: <i>Seique</i> e a memoria histórica	p.99
<b>Ana Garrido González</b>	Dende “tecín soia a miña tea” ata o “eu tamén navegar”: tres séculos de viúvas de vivos e ausencias	p.99



15:00-16:30

### 3. Instituto Cervantes

MODERA: Ana Garrido González

<b>Montse Pena Presas</b>	A pegada do feminismo na literatura infantil e xuvenil galega: o papel das obras traducidas	p.99
<b>Beatriz Fernández Barciela</b>	Modelos de identidade de xénero e sexual: unha cala nas lecturas de secundaria	p.99
<b>Olga Castro</b>	A tradución de autoras ao galego na era do feminismo transnacional: u-las 'outras'?	p.99

### 4. Instituto Cervantes

MODERA: Carmen Mejía

<b>Álvaro Pico Moreno</b>	A colección <i>Benito Soto</i> e o canon literario galego	p.99
<b>Begoña Regueiro Salgado</b>	Poesía de expresión gallega en Madrid. La identidad híbrida del <i>Grupo Bilbao</i> a través de Manuel Pereira y Luz Pichel	p.99
<b>Lidia López Teijeiro</b>	Viaxar entre trópicos: poesía e identidade en <i>Farewell</i> , de Rafa Yáñez	p.99

10.05.2016

9:00-10:30

5. s. 1.007

MODERA: Antía Marante Arias

<b>María Xesús Lama</b>	Os ecos da novela filosófica europea en <i>El caballero de las botas azules</i> de Rosalía de Castro	p.99
<b>Dorota Heneghan</b>	Gender and Identity in Sofía Casanova's <i>Como en la vida</i>	p.99

6. s. 3.022

MODERA: Ánxela Lema París

<b>Brais González Arribas</b>	A fundamentación nihilista da identidade e as súas repercusións prácticas	p.99
<b>Yolanda Martínez Suárez</b>	Reflexións identitarias da migración Norte- Sur	p.99
<b>Katarzyna Etryk</b>	(Auto)traducción como el medio supresor o preservador de la identidad – pregunta abierta	p.99

13:00-14:30

7. s. 1.007

MODERA: Teresa López

<b>Alfons Gregori i Gomis</b>	Un reto a la identidad: <i>El caballero, la muerte y el diablo</i> de Álvaro Cunqueiro	p.99
<b>Santiago Sanjurjo Díaz</b>	A crítica política da saudade como rasgo identitario galego en Daniel Cortezón	p.99

<b>Marta del Pozo</b>	<i>Arraianos</i> , de Eloy Enciso: la construcción de una realidad imaginada	p.99
<b>Xaquín Núñez Sabarís</b>	<i>Mar adentro</i> , de Vidal Bolaño, nas interseccións da dramaturxia galega e portuguesa	p.99

17:00-18:30

8. s. 1.012

MODERA: María Xesús Lama

<b>Antonio Roberto Esteves</b>	Galicia y los gallegos en la narrativa de María Rosa Lojo	p.99
<b>Clara Isabel Marin Garcia e Samuel Nabais Lopez</b>	Importancia de Eliseo Alonso na base da prensa galego-arxentina.	p.99
<b>Teresa López</b>	Tecendo redes: Jean R. Longland e a cultura galega alén mar	p.99
<b>Danny Barreto</b>	Levar o compás na emigración: a música e a performatividade en <i>A veiga é como un tempo distinto</i> de Eva Moreda	p.99

9. s. 3.018

MODERA: Montse Pena Presas

<b>Ánxela Lema París</b>	Sobre (homo)erotismo na poesía galega e ruptura(s) coa heteronormatividade	p.99
<b>Antía Marante Arias</b>	Os puntos sobre os mapas: representacións e usos do espazo na poesía galega actual de autoría feminina	p.99
<b>Lara Rozados Lorenzo</b>	Videocreación e activismo en rede nas poetas galegas contemporáneas. <i>As Candongas do Quirombo</i>	p.99

11.05.2016

9:00-10:30

10. s. 1.007

MODERA: Marta Pawlikowska

<b>Noemí Basanta Llanes</b>	<i>Que máis tería que fósemos ó folión?:</i> resignificación social e emerxencia discursiva de identidades femininas	p.99
<b>Irene Fialová</b>	Algunas observaciones sobre el uso del lenguaje (no) sexista en los medios electrónicos en Galicia	p.99
<b>Rebeca Lema</b>	Mulleres bravas na clase de GLE	p.99

11. s. 3.024

MODERA: Anna Kalewska

<b>Marleine Paula Marcondes e Ferreira de Toledo</b>	A historia imaginária e real da mulher galega na Idade Média	p.99
<b>Miguel García Fernández</b>	Voces de mulleres medievais para fusionar historia, literatura e compromiso: xénero e identidade n <i>Unha primavera para Aldara</i>	p.99
<b>Maria Boguszewicz</b>	O <i>Sarcófago</i> de Francisco R. Remiseiro: arte medieval, estereotipos femininos e a boneca Barbie	p.99

12:00-13:30

12. S. 1.007

MODERA: Bartosz Dondelowski

<b>Elisa Fernández Rei</b>	Lingua e identidade: paleofalantes vs. Neofalantes	p.99
<b>Alba Aguete Cajiao</b>	“A miña lingua materna, en principio, era o castelán.” Revisión crítica das categorías de falantes en galego	p.99
<b>Marta Anna Pawlikowska</b>	As formas híbridas no discurso galego: unha identidade híbrida?	p.99

15:00-16:30

13. S. 1.007

MODERA: Katarzyna Moszczyńska

<b>Anna Kalewska</b>	A historia do teatro galego: um esboço (desde os inícios até aos nossos dias)	p.99
<b>Begoña García Ferreira</b>	Literatura dramática feminina no teatro radiofónico	p.99
<b>Saleta de Salvador Agra</b>	Prácticas ciberfeministas dende a “guerrilla semiolóxica”: das Matrix a Todo Pirolos	p.99

14. S. 3.020

MODERA: Xaquín Núñez Sabarís

<b>Carolina Coelho Fortes</b>	Os <i>Milagres de Santiago</i> a partir de uma análise de Gênero	p.99
<b>Andréia Cristina Lopes Frazão da Silva</b>	A memória hagiográfica de Santa Senhorinha de Basto a partir da categoria gênero	p.99
<b>Leila Rodrigues da Silva</b>	<i>Vita Sancti Fructuosi</i> , atividade monástica, cristianização e construção de identidade cultural no século VII	p.99

Alba Agüete Cajiao

Instituto da Lingua Galega (Universidade de Santiago de Compostela)

## “A miña lingua materna, en principio, era o castelán.” Revisión crítica das categorías de falantes en galego

Nos últimos tempos, os estudos sociolingüísticos focalizaron a súa atención na figura do neofalante, especialmente no panorama das linguas minoritarias ou minorizadas, debido ás diversas implicacións que ten este tipo de falante no seo destas comunidades dende un punto de vista sociocultural e lingüístico.

Dentro do panorama galego, os estudos que abordaron esta nova figura de falante centráronse desde o comezo nas actitudes e no uso do galego por parte deste grupo, e mesmo os subgrupos creados dentro deste perfil creáronse tendo en conta o uso, en termos cuantitativos, dunha ou doutra lingua dependendo do contexto (cfr. Ramallo-O’Rourke 2014).

Porén, algunhas investigacións recentes sobre a produción e a percepción de trazos mínimos en galego, mostraron que as categorías de falantes empregadas habitualmente pola crítica non son homoxéneas, xa que o comportamento -en termos de dominio lingüístico- por parte dos falantes parece atender a máis factores diferentes dos habitualmente empregados (Amengual-Chamorro 2015; Tomé-Evans 2015).

A finalidade deste relatorio é abordar esta problemática polo miúdo, tratando de profundar naqueles factores que presentan maior conflito, e nos que entra en xogo a autoidentificación dos falantes como pertencentes a unha ou outra categoría, así como nos problemas que presenta esta categorización para estudos lingüísticos.

Catherine Barbour  
University of St Andrews

## 'Rurality Revisited: Identity, Ecology and Gender in the Novels of Teresa Moure'

This paper will investigate how Galician identity is informed by ecofeminism in the novels of Teresa Moure, one of the best-known contemporary writers in Galicia who is recognised for her militant political activism. Moure considers herself 'unha ecofeminista pouco ortodoxa'. The ecofeminist paradigm, which broadly consists of an approach involving feminism and eco-activism, is generally conceived of as a means to combat both patriarchal oppression and capitalist exploitation of the natural environment. Moure's radical vision of an ecofeminist Galician identity is demonstrated in this presentation through reference to material from authorial interviews, coupled with close textual analysis of the novels *Herba moura* (2005) and *A intervención* (2010). Moure's work in many ways does not avoid the trappings of essentialism, as in particular, her celebration of the traditional association of femininity with nature only serves to reinforce problematic gender binaries in relation to Galician identity. However, her novels reinterpret characteristic elements of Galician literature such as folklore and idealisation of the landscape by drawing on ecofeminist notions of female empowerment and political activism, thereby confirming the writer's commitment to her homeland in terms of political, environmental and feminist consciousness.



Danny Barreto, Ph.D.

Colgate University (Nova York, EUA)

Levar o compás na emigración: a música e a performatividade da identidade feminina en *A Veiga* é como un tempo distinto de Eva Moreda.

Emigrar implica situarse de novo no mapa, non só nun sentido xeográfico senón tamén cultural. Como a investigadora Kirsty Hooper xa mostrou no seu libro *Writing Galicia into the World* (2010), a migración entre Galicia e Inglaterra nas últimas décadas produciu novas tendencias discursivas: a aparición de voces, experiencias e narrativas que cuestionan definicións tradicionais de que significa ser (ou non ser) 'galego' ou 'galega'. Partindo principalmente da súa tese e as teorías feministas do xénero como performance, quero analizar a novela *A Veiga é como un tempo distinto* (2011) de Eva Moreda. Esta novela innovadora da escritora radicada na Gran Bretaña representa a experiencia da migración en termos de xénero, algo que afecta ás mulleres e aos homes nunha maneira diferente. O que vou explorar é como a música británica dos 60 e 70 funciona dentro da novela para estender o repertorio da feminidade galega. Nesta obra, a migración e o contacto cunha cultura allea, representado pola música, posibilita novas maneiras de vestir, falar, mover, pensar, en fin, de ser galega.

Noemi Basanta Llanes  
Instituto da Lingua Galega

## Que máis tería que fósemos ó folián? resignificación social e emerxencia discursiva de identidades femininas

O carnaval é funcional e non substancial.  
Non absolutiza nada, senón que proclama  
a alegre relatividade de todo.  
Mijail Bajtín

A finalidade desta comunicación é definir algúns procesos de construción das feminidades heterosexuais a través dos discursos sobre o ligue que emerxen nunha conversa espontánea a propósito do entroido no concello de Vilaríño de Conso. Nela participan un grupo de mulleres adultas que implicitamente describen esta época do ano como un momento propicio para a resignificación dos valores de inmoralidade.

Tomaremos como punto de partida os modelos teóricos do xénero e a performance que argumentan que as identidades son continxentes, isto é, un produto discursivo que xorde da intersección entre ideoloxías sociais e historias persoais. A narración das experiencias propias constitúe unha acción que actúa como un restritivo mecanismo de identificación xa que durante a narración non só se organiza unha determinada experiencia vital senón que ademais se proxecta unha determinada autoconcepción. O narrador/a vólvese axente que constrúe e controla o discurso condicionando a propia presenza no narrado. Por este motivo, constitúe tamén unha vía sólida para accedermos aos mecanismos de construción de xénero.

Deterémonos na reconstrución da mocidade para explorar as mudanzas sociais e as diferentes (re)presentacións da sexualidade desde a ollada rural feminina. Esta perspectiva permitiranos afondar nos complexos procesos de reconfiguración simbólica do espazo e o tempo como mecanismo de construción identitaria. Así, sumarémonos aos estudos que argumentan que a categoría social de xénero non actúa de maneira illada senón que interactúa con outras, neste caso, o hábitat e a idade.

Maria Boguszewicz  
Uniwersytet Warszawski

## O Sarcófago de Francisco R. Remiseiro: arte medieval, estereotipos femininos e a boneca Barbie

A obra de Francisco R. Remiseiro (1975, Barro, Pontevedra) está intimamente ligada á cultura popular galega, especialmente no xeito de traballar o material escultórico, ademais ten unha forte inspiración medieval. O Sarcófago (2015) do artista, manipula o imaxinario icónico da cultura popular situándoo no contexto desconcertante da arte medieval. A boneca Barbie, creada en 1959, é un tema constantemente explotado polos pintores, escultores, fotógrafos e ata arquitectos para transformar os estereotipos sociais de feminidade e encheiros de novos significados. Recorrendo á teoría anacrónica da arte de Alexander Nagel (Medieval Modern e outros textos) aproveitamos o Sarcófago de Remiseiro para captar o diálogo entre os artistas contemporáneos e a estética da época que é un punto de referencia para o discurso identitario galego.

## A tradución de autoras ao galego na era do feminismo transnacional: u-las 'outras'?

No actual contexto da internacionalización dos mercados culturais, a tradución literaria desempeña un poderoso papel na construción identitaria. Tamén na construción de xénero, moi especialmente nesta era do feminismo transnacional na que se crean alianzas entre mulleres de contextos xeopolíticos diversos para subverter as relacións asimétricas de poder. Xa que logo, analizar os fluxos de tradución da literatura de autoras en sistemas culturais específicos contribúe a tirar luz das razóns por qué certos textos se seleccionan (ou non) para seren traducidos, así como das consecuencias políticas que tales seleccións acarrean. O caso galego, xustamente pola súa localización na encrucillada entre posicións hexemónicas (respecto ao Sur) e non-hexamónicas (respecto ao centralismo do sistema español), ofrece un espazo moi produtivo para o debate sobre poder e creación identitaria de xénero a través da tradución. Tomando isto como punto de partida, neste artigo analizarei desde unha perspectiva feminista seis iniciativas de tradución especificamente deseñadas para promover a cultura galega a través da tradución. O meu propósito é escudriñar o papel desempeñado pola tradución da literatura de autoras cara ao galego na primeira década do século XXI, a década máis prolífica para a actividade tradutora en galego. Para iso formularei as seguintes preguntas: Que autoras se traducen ao galego? Que tradicións literarias representan? De que sistemas literarios proceden? En qué período histórico se inscriben? E finalmente, até que punto esta selección vai da man cos actuais debates do feminismo transnacional?

Carolina Coelho Fortes

Universidade Federal Fluminense UFF

## Os Milagres de Santiago a partir de uma análise de Gênero

Um dos documentos mais emblemáticos do medievo galego é a compilação de textos conhecida como Códice Calixtino ou Liber Sancti Jacobi, reunido em Santiago de Compostela por volta da metade do século XII, e atribuído ao papa Calisto II. Ali constam cinco livros: Anthologia litúrgica, De miraculi sancti Jacobi, Liber de translatione corporis sancti Jacobi ad Compestellam, Historia Karoli Magni et Rothalandi e Iter pro peregrinis ad Compostellam. Nossa análise se concentrará no Livro II, o De miraculi sancti Jacobi, ou Milagres de Santiago. Figuram nesse texto 22 milagres que teriam sido realizados por São Tiago especialmente em favor dos fiéis que empreendiam a peregrinação à catedral compostelana onde jaz o apóstolo.

Sendo os eventos entendidos como miraculosos parte essencial da religiosidade medieval, assim como é central para essa manifestação cultural a crença na santidade, pretendemos levar a cabo sua interpretação a partir de uma leitura informada pela categoria gênero. Esta será entendida aqui, à luz da proposição de Joan Scott, tanto como um elemento constitutivo das relações sociais fundadas sobre as diferenças percebidas entre os sexos, quanto uma maneira primária de significar relações de poder. Nosso objetivo principal será buscar as marcas do gênero no discurso religioso presente no De miraculi sancti Jacobi.

Antonio Roberto Esteves

Universidade Estadual Paulista-UNESP

## Galicia y los gallegos en la narrativa de María Rosa Lojo

Autora de una obra variopinta que incluye, en el ámbito literario, poemarios, colecciones de relatos y varias novelas, y el ámbito crítico, ensayos, libros y artículos variados, Rosa María Lojo (1954), desde la publicación de su primer libro en 1984, viene ocupando un destacado lugar en las letras argentinas. Hija de un exiliado gallego en Buenos Aires, la escritora siempre ha dedicado especial papel en sus narrativas, a la cultura gallega, a la diáspora gallega en Argentina y a la construcción de una identidad posible por parte de los hijos de dicho destierro. En narrativas casi siempre urdidas en los borrosos límites entre historia y ficción, esa “exiliada hija”, como se autodenomina, además de presentar el desgarramiento sufrido por la separación de la “terra pai”, como se refiere a Galicia en una de sus novelas, trata de proponer la creación de una especie de “corredor” que permitiera el continuo tránsito entre las dos tierras y las dos culturas. La presente comunicación pretende demostrar como dichos temas aparecen en dos de sus obras principales: *La pasión de los nómades* (1994) y *Árbol de familia* (2010).

## (Auto)traducción como el medio supresor o preservador de la identidad – pregunta abierta.

Debido al carácter periférico del gallego y a su fuerte dependencia del castellano, los autores galaicos que deciden escribir en su idioma y que quieren darse a conocer como escritores en toda España, se ven prácticamente obligados a traducir sus obras al español. Dicho procedimiento les abre las puertas tanto en el país, como en el extranjero (cabe tener en cuenta que las traducciones a otros idiomas suelen elaborarse desde la versión castellana). En su caso, la vía más directa y exigida por ciertos factores ambientales para lograr este fin es la autotraducción, posibilitada por su condición bilingüe (en Galicia, casi todo escritor es autotraductor). El mercado es consciente de que los destinatarios de la cultura de llegada aceptan, preferiblemente, las obras originadas en su propio entorno. Por tanto, para lograr una mejor acogida del texto, se utiliza la condición del autor-traductor para presentar su trabajo como un original, en ocasiones incluso, ocultando su naturaleza de autotraducción. Estos recursos pueden llegar a borrar la verdadera procedencia del original, que al ser traducido al castellano, empieza a considerarse una pieza perteneciente al canon de la literatura española. Ante esta realidad, cabe plantearse la pregunta si la (auto)traducción contribuye para preservar o para suprimir la identidad cultural y lingüística gallega.

## Modelos de identidade de xénero e sexual: unha cala nas lecturas de secundaria

A adolescencia é un período de busca e consolidación da propia identidade e nese proceso é fundamental a presenza de referentes cos que o suxeito se autoidentifique. A preponderancia dos modelos de xénero patriarcais e de orientación sexual heteronormativa resulta conflitiva na configuración da identidade dos e das adolescentes que non responden a ese modelo. A lexislación educativa actual prevé que en secundaria obrigatoria e postobrigatoria se inclúan contidos transversais que eviten estereotipos sexistas e favorecer a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.

O propósito deste traballo é analizar nas obras narrativas en galego que len os nosos e as nosas adolescentes os modelos de identidade de xénero e de orientación sexual. Para iso analizaranse os libros de narrativa en galego máis vendidos, por entender que, dadas as características do mercado editorial galego, corresponderán con aqueles que len os e as estudantes de secundaria. Dado que o corpus de obras sobre as que establecer a análise debe de ser necesariamente restrinxido, pois a extensión deste traballo así o require, limitareime aos dez libros máis vendidos en Galicia durante o ano 2015 (incluíndo as coleccións de literatura xuvenil) publicados nos últimos cinco anos.



## Lingua e identidade: Paleofalantes vs neofalantes

Nos últimos anos váiselle prestando cada vez máis atención ao denominado fenómeno do neofalantismo: falantes que teñen como lingua familiar o castelán, pero que comezan a falar o galego de maneira case exclusiva en todas as súas interaccións. Normalmente, as súas motivacións son ideolóxicas ou políticas e son considerados un grupo moi activo socialmente. Hai autores como Fernando Ramallo e Bernadette O'Rourke que lle teñen prestado algunha atención en traballos de corte sociolingüístico.

É aínda máis moderno o neoloxismo paleofalante, para denominar ás persoas que teñen como lingua familiar o galego. Trátase pois do perfil lingüístico habitualmente utilizado para as investigacións feitas no campo da dialectoloxía e da lingüística en xeral.

A nosa proposta é complementar os estudos precedentes ofrecendo unha análise no marco da Análise do Discurso e da Sociolingüística Interaccional. Entendemos que a lingua non é só unha manifestación da pertenza a un determinado lugar ou a unha determinada clase social. A lingua é tamén a nosa ferramenta para crear discurso, para construír a nosa identidade fronte aos demais.

Neste sentido, interézanos ver cales son as estratexias utilizadas por un e outro grupo para construír as súas identidades, como as negocian e como as confrontan, analizando os procesos de autopercepción e de heteropercepción de ambos os dous grupos a partir de conversas en que interactúan.

Irena Fialová

Universidad de Ostrava

## Algunas observaciones sobre el uso del lenguaje (no) sexista en los medios electrónicos en Galicia

La comunicación se centrará en la presentación de los principios clave de la redacción de un texto no sexista. A pesar de ser un tema que provoca mucha polémica (y que se registra en una serie de opiniones muy divergentes al respecto), estamos convencidos de que la visibilidad de las mujeres en los discursos oficiales en la actualidad sigue teniendo su importancia.

Presentaremos la base teórica, en la que se definirán los términos relacionados con el tema, que después será ilustrada con una serie de ejemplos, extraídos de las noticias de varios medios de comunicación gallegos como por ejemplo A Nova Peneira Dixital, Sermos Galicia o de los periódicos que publican las noticias en su mayor parte en castellano, pero también en gallego (La Voz de Galicia, El Correo Gallego). Comentaremos la presencia de usos sexistas en los estos medios de comunicación electrónicos fijándonos también en los recursos utilizados para visibilizar a las mujeres y evitar los estereotipos en la redacción de las noticias. Trabajaremos dentro del marco del fenómeno del lenguaje (no) sexista tanto en el nivel del significado como en el plano explícitamente lingüístico.

Miguel García-Fernández

Universidade de Santiago de Compostela

## Voces de mulleres medievais para fusionar historia, literatura e compromiso: xénero e identidade n'unha primavera para Aldara

Fronte á habitual imposibilidade de chegar ás voces de mulleres medievais desde a historia social ou da literatura, no panorama literario actual resulta recorrente a construción do discurso mediante a recuperación de voces femininas do pasado. Nesa tendencia sitúanse algunhas obras de Teresa Moure, sendo a obra de teatro *Unha primavera para Aldara* o caso referido especificamente á Idade Media. A autora é unha das voces máis comprometidas co movemento feminista e coa reivindicación dunha identidade galega dentro do panorama literario e intelectual de Galicia. O presente traballo consistirá, en primeiro lugar, nunha análise crítica da obra anteriormente citada desde o punto de vista dun historiador, co obxectivo de discernir os elementos históricos empregados. A continuación trataranse de precisar as influencias historiográficas que reflicte a autora dentro da diversidade de discursos e polémicas existentes no medievalismo galego sobre a interpretación da identidade histórica de Galicia, acontecementos como a Revolta Irmandiña ou algunhas cuestións de xénero. Finalmente valorarase a importancia do compromiso social e político da autora como peza esencial na selección e articulación dos elementos históricos dentro da trama literaria. Dese modo veremos como a autora reforza e promove o seu compromiso coas cuestións de xénero, sociais e identitarias de Galicia fusionando na súa obra realidade e ficción.

Begoña García Ferreira

Universidade de Ostrava

## Literatura dramática feminina no teatro radiofónico

Achegamento á literatura dramática feminina contemporánea no espazo radiofónico. Autoras diversas que se poden escoitar ao abeiro de programas de radio que adican un espazo ao teatro radiofónico, principalmente por medio de concursos anuais. Exemplos: Radio Galega, programa Diario Cultural; A pegada do Eco, programa de radio da Escola Superior de Arte Dramático (ESAD) de Vigo; proxecto da radio comunitaria CUAC FM .

Paloma García Rodríguez

Universidad Complutense de Madrid

Reinterpretación de los papeles de la Penélope  
y Circe clásicas en *Circe ou o pracer do azul*,  
de Begoña Caamaño

La revisión de los mitos clásicos ha sido un tema recurrente en la literatura gallega. Figuras femeninas como Penélope han protagonizado directa o indirectamente composiciones canónicas y ampliamente difundidas de Xohana Torres, Álvaro Cunqueiro o Xosé Manuel Díaz Castro. Sin embargo, esta revisión del mito homérico en Galicia nunca se había hecho desde la perspectiva feminista de manera tan explícita como en la primera obra de Begoña Caamaño, *Circe ou o pracer do azul*. Este trabajo estudiará comparativamente los personajes femeninos protagonistas de la novela, Circe y Penélope, en contraposición con los que figuran en la obra clásica de Homero, la Odisea. Igualmente, se expondrán contrastivamente los rasgos de los dos modelos sociales reflejados en el texto, la sociedad patriarcal frente a una deseada sociedad igualitaria. Caamaño construye aquí una nueva visión sobre una feminidad poderosa a través de dos mujeres a las que la tradición ha mantenido en su imaginario como sumisas, odiosas. Además de ser un texto con clara voluntad transformadora y de denuncia, se resitúa como central el papel femenino en la historia mítica (herstory) se incorpora la sororidad como elemento fundamental en la igualdad social.

## Dende "tecín soia a miña tea" ata o "eu tamén navegar": tres séculos de viúvas de vivos e de ausencias

Eterna, nai, anciá, avellentada, de loito, encollida, feita figura e desprovista de toda individualidade, corporeidade ou contradición. Nai amantísima que agarda aos seus fillos emigrados –espallados polo mundo–, terra, centro e marxe, comezo e final, redención: Galicia.

A representación máis tradicional da viúva de vivo, da Penélope que agarda o emigrante, semella case un espectro. A muller que espera como metáfora da nación subalterna constitúe unha longa tradición nas letras galegas e parte dunha idea ben asentada: a muller tradicional non progresa, permanece estática nun mesmo punto repetindo día a día as mesmas labores.

Porén as mulleres que agardaban eran reais e desde Rosalía de Castro atopamos non poucos textos onde estas van, inevitablemente, recuperando a súa corporeidade, evolucionando e cambiando cos novos tempos.

No discurso identitario do exilio, que converte a emigración na identidade mesma do ser galego, a representación da ausencia é un espectro máis que nos fala da historia silenciada do "pobo" desherdado, do padecemento que ocultado tórnase, a cada paso, máis e máis presente e convertese en memoria colectiva. Porén, a representación da muller que agarda, por parte de los exiliados, entra en contradición ao ila situando ao lado das heroínas históricas, das queimadas por bruxas para sacarlles as terras, das que encabezan as revoltas campesiñas, das guerrilleiras con nome propio... Deste xeito, ao ir gañando en corporeidade, vai xurdindo a Penélope tola. A muller real padece, non ten dereito a chorar a perda, a súa posición dentro da comunidade é ambigua; en certo sentido, a súa é una situación non prevista polos estereotipos de xénero. A loucura e a ausencia revélanse insostibles e xorden, coma en Rosalía, as suicidas.

Porén pouco a pouco a muller vai variando o seu papel, vaise convertendo en emigrante por dereito propio, e a representación da ausencia pasa da nai a filla na obra de Xohan Torres. Agora o espazo pechado e opresivo

no “fogar” ten marca de xénero e a orfa de vivos é unha rapaza “rara”, unha tola soñadora que quere escribir e que, na nosa opinión, é antecedente da Penélope navegante que decide como quere vivir e que xurdirá na poesía desta mesma autora nos anos 80.

Neste relatorio faremos un breve recorrido por esta evolución partindo da emigración contemplada como movemento (Thomas Nail), como promesa de felicidade (Sara Ahmed), como centro na construción da identidade galega e como activador da memoria colectiva (José Colmeiro). Así mesmo, analizaremos o corpo da viúva e o espazo doméstico que ocupa desde as teorías de Judith Butler.

## “A fundamentación nihilista da identidade e as súas repercusións prácticas”

Partimos da hipótese -por explicar- de que a identidade galega é nihilista. Unha identidade nihilista é aquela que leva en si –incorporada como unha marca esencial- o xerme da súa propia disolución. Os signos distintivos do nihilismo identitario son o sentimento de presenza e ausencia, a despertenza e o desarraigo, o darse (constituírse como tal) e velarse. Unha situación aporématica e contraditoria, que implica a asunción da mortalidade, do ciclo ser/deixar de ser propio daqueles que non insisten na súa permanencia, deixando paso ao outro, abrindo camiño á diferenza.

A aceptación da quebra, da finitude, do tránsito vida-morte agocha unha serie de importantes repercusións prácticas. Só a perspectiva que acepta a des-igualdade, porque a leva incorporada na súa interna constitución, está disposta a aceptar distintas formas de vida alternativas ás formuladas polos mecanismos-institucións de poder –cuxo obxectivo é a normalización apelando a unha fundamentación esencialista natural-. Para liberar ás identidades acaladas e minorizadas –entre elas as novas formas de xénero- e bloqueando a posibilidade de que ningunha se imponha como “normal” o ficar asentada, enténdese como imprescindible permanecer na defensa do nihilismo identitario: do particular e pequeno, do ínfimo e inconstante, do pasaxeiro e precedoiro.



María Isabel Gómez Rodríguez  
Universidad Complutense de Madrid

## A escritura usurpadora: Seique e a memoria histórica

Seique, a nova obra de Susana Sánchez Arins, supón un novidoso xeito de abordar o pasado común dos galegos e galegas cuxas familias viviron o período da Guerra Civil e do franquismo. Enfocando a escrita como un proceso de aceptación da historia familiar e o seu silencio, a autora sitúase nos ollos de parentes e veciños cun texto que participa de varios xéneros literarios á vez, sen constituírse como unha novela ou poemario convencionais. Esta estratexia de traslación da identidade no contexto da Guerra Civil española foi empregada por outros autores como Francisco Ayala e Alberto Méndez. Ambos os dous sérvense deste procedemento cun fin semellante: facilitar o entendemento do papel que cada persoa desenvolveu nesa realidade obrigada, mais sen chegar a xustificar as súas accións.

Esta análise partirá da comparación da obra Seique con outras obras que desenvolvan procedementos semellantes de intercambio de punto de vista. Tratarase de identificar paralelismos e diferenzas narrativas nas producións de escritores e escritoras “usurpadoras” de identidades opostas ideoloxicamente, tomando prestado o nome da obra de Ayala Los Usurpadores. O resultado contribuirá ao estudo das relacións entre a escrita literaria e a memoria histórica de forma conxunta.

Alfons Gregori i Gomis

Uniwerytet im. Adama Mickiewicza

## Un reto a la identidad: «El caballero, la muerte y el diablo» de Álvaro Cunqueiro

Aunque fue integrada en el volumen Flores del año mil y pico de ave (1968), en realidad esta pieza escrita en castellano constituye la tercera y última parte del «ciclo bretón» de Cunqueiro, compuesto también por las novelas Merlín e familia i outras historias (1955) y As crónicas do sochantre (1956), ambas originalmente en gallego. La diferencia lingüística no es menoscabo para continuar mostrando a Galicia como patria y acervo de tradiciones. Así, con una toponimia realista o verosímil y bastantes elementos míticos, podríamos pensar que se trata de un marco de tipo legendario, perteneciente a la modalidad de lo maravilloso. Con todo, hay demasiados aspectos discordantes: cotidianeidad, humorismo e influjo de las vanguardias, por un lado, pero también lo erótico y de lo ominoso. Cunqueiro articula un corpus de elementos fragmentarios de un pasado y una memoria que pertenecen a la vez a la literatura culta escrita y al arte verbal de transmisión oral, un collage de cultura maravillosa y fantástica ensamblados para crear efectos desconcertantes. Así, en esta comunicación va a ser analizado este territorio singular en que los personajes míticos o legendarios se «liberan» de sus rasgos y hábitos establecidos, adentrándose en una nueva dimensión desestabilizadora de la identidad cultural y literaria.

Dorota Heneghan  
Louisiana State University

## Gender and Identity in Sofía Casanova's *Como en la vida*

This essay examines the connection between gender and identity in Sofía Casanova's portrait of Galician woman in *Como en la vida* (1931). By calling attention to the novelist's depiction of her conservative female character and the rigid gender relations in Galician country life, this study demonstrates how Casanova used the setting of her native region to convey her complex position on feminism and women's role in private and public sphere in Galicia and the rest of pre-Civil-War Spain. The analysis of the portrait draws on Casanova's lectures, letters, and articles on Galicia and feminism. Guided by these texts, this essay illustrates how the seemingly straightforward depiction of Galician women connects to the author's appreciation of traditional values of marriage and family and, simultaneously, to her critique of the stagnation in societal norms. Close examination of the protagonist in the context of the morally upright but restrictive atmosphere of Galician life and in relation to her fiancé who struggles to reintegrate into rural existence after his experiences abroad reveals how Casanova's image of her character enabled her not only to express her nostalgia for Galicia, but also to comment on women's freedom and their participation in search for national identity.

Anna Kalewska

Universidade de Varsóvia

## A história do teatro galego: um esboço (desde os inícios até aos nossos dias)

A recuperação do teatro galego (desaparecido a partir do séc. XV e inserido no teatro popular ) iniciou-se nos fins do séc. XIX, como parte de um programa da regeneração da consciência nacional galega. A primeira obra dramática redigida com intenção de criar um teatro próprio foi *A fonte do xuramento*, drama de costumes galegas em dous actos e em verso, de Francisco Ma de la Iglesia e estreada no do Liceu Brigantino da Corunha (1882) – um desafio ao público no tempo em que os regionalistas tencionavam fazer um teatro culto.

Apresentaremos um percurso pela história do teatro galego desde os primórdios até ao século esdrúxulo, passando pelos anos de 1936 (ano em que a Guerra Civil Espanhola acabou com as manifestações da cultura galega), de 1973 (a data de um renascer do teatro galego em Ribadavia e os Concursos de textos, organizadosde pela Associação Cultural Abrente), de 1981 (ano em que, através do Estatudo de Autonomia, o galego foi reconhecido como língua co-oficial na Comunidade Autónoma) até à sua evolução relacionada com os novos rumos do ambiente dramático na Galiza nas últimas décadas.

“Os ecos da novela filosófica europea  
en *El caballero de las botas azules*  
de Rosalía de Castro”.

Se algún autor europeo do s. XIX representa o cultivo da novela filosófica sería quizais Balzac, coa súa serie de novelas agrupadas como “estudios filosóficos” dentro da *Comedia humana*, o autor que de xeito máis sistemático afrontou explicitamente o desafío de dar forma literaria á reflexión sobre conceptos abstractos a través da literatura. Non é casualidade que a primeira que valora positivamente a súa primeira grande achega creativa neste ámbito, a novela *La peau de Chagrin* (1831) fose George Sand, quen asimesmo anunciaba xa a súa intención de meterse a filósofa no prólogo da súa segunda novela titulada *Valentine* (1832), e dende logo desenvolvíao con fondura na seguinte publicación, a novela *Lelia* (1833) que é a que Rosalía de Castro identifica como a máis representativa da autora. A influencia da literatura europea lida en francés pola escritora galega conflúe coas aspiracións da intelectualidade máis progresista da España isabelina formuladas por Larra na súa definición da “Literatura” (1836) como “expresión do progreso dun pobo” vencellada á historia e á filosofía, e estes son os principios dos que parte para a elaboración da súa novela máis ambiciosa, *El caballero de las botas azules* (1867). A deriva cara a análise do corpo social nestas novelas implica unha intención de análise que na novela rosaliana atravesa o individual o social e o literario, e por iso, establecendo a conexión con obras europeas previas e contemporáneas preténdese demostrar que esta obra non só non é un experimento illado e estraño, senón que implica a participación da autora nun debate de pensamento cos máis brillantes creadores do seu tempo, así como a intención de afrontar un reto insólito dentro das letras hispánicas explorando camiños novos partindo das fantasías da novela romántica para chegar ao retrato crítico da sociedade. A consecuencia última lévanos a rebater as análises establecidas na historiografía literaria española que sitúan o cultivo da novela filosófica a partir do último terzo do século .

Ánxela Lema París  
Universidade da Coruña

## Sobre (homo)erotismo na poesía galega e ruptura(s) coa heteronormatividade

De que falamos, exactamente, cando falamos de erotismo en poesía? Falar de sexo implica, necesariamente, entrarmos no dominio do erotismo? Cando falamos de homoerotismo ou lesbianismo na literatura? A presente comunicación procura centrarse na recepción crítica da poesía galega de corte erótico, homoerótico ou amoroso publicada entre 2000 e 2004 logo do grande boom do erotismo na literatura galega dos anos 80 e 90. O principal obxectivo deste traballo será reflexionar sobre a pegada (máis ou menos voluntaria) que deixan sobre a obra, tanto o xénero da persoa creadora, como o seu papel político dentro do ámbito social, e que semellan condicionar que a catalogación dun poemario se recolla debaixo dunha ou outra etiqueta literaria. Tendo isto presente, revisaranse con atención as diferentes lecturas que obras abertamente recoñecidas como eróticas recibiron, ao mesmo tempo que se fará unha relectura de obras que, presentando as mesmas características, non se leron, por exemplo, desde unha ollada homoerótica.

Rebeca Lema

Uniwersytet Warszawski

## Mulleres bravas na clase de GLE

O obxectivo deste traballo é a análise do ser muller en Galicia a partir dos documentais Señora de (2010) de Patricia Ferreira e Bata por fóra (muller por dentro) (2008) de Claudia Brenlla, así como do monólogo Mulleres bravas (2006) de Carlos Blanco para o seu aproveitamento didáctico nas clases de GLE.

Señora de amosa os testemuños de varias xeracións de mulleres con cadansúas circunstancias pero co denominador común de que a ningunha delas se lle deixou soñar. Bata por fóra (muller por dentro) é unha homenaxe a esta popular e tradicional prenda de vestir que constitúe un símbolo para as mulleres galegas. Por último, en Mulleres bravas preséntase, dende unha perspectiva puramente cómica, o lado máis salvaxe das mulleres galegas en distintos eidos da vida social.

No tocante á proposta didáctica, pártese da comprensión oral que, á súa vez, permitirá o achegamento á diversidade lingüística e ao mundo audiovisual galego. Da mesma maneira, mediante as transcripcións das obras, traballarase tamén a comprensión e expresión escrita, alén do contido léxico e gramatical. Por último, a expresión oral practicarase mediante un debate, contando sempre coa igualdade entre homes e mulleres como contido transversal.

Andréia Cristina Lopes Frazão da Silva

Universidade Federal do Rio de Janeiro

## A memória hagiográfica de Santa Senhorinha de Basto a partir da categoria gênero

Segundo a tradição hagiográfica, Senhorinha de Basto foi uma jovem de origem nobre que se dedicou à vida religiosa no século X, chegando a exercer a função de abadessa de sua comunidade. Como informam os documentos, ela era prima de S. Rosendo de Celanova e viveu na região de Cabeceiras de Basto, área então subordinada à monarquia leonesa e, a partir do século XII, à portuguesa. A partir da segunda metade do século XII, cerca de dois séculos após a sua morte, foram compostas três obras que apresentam a biografia e os milagres atribuídos à Santa: a *Vita Beatae Seniorinae Virginis* (VSS), em latim e em prosa, por volta de 1170, *Alia Sanctae Seniorinae Vita*, também em latim, provavelmente nas primeiras décadas do século XIII, e outra em português, *Vida e Milagres de Santa Senhora de Basto*, datada entre 1268 -1279. A redação dessas hagiografias certamente se relaciona ao incremento da devoção à figura de Senhorinha a partir das últimas décadas do século XII. Nossa proposta é discutir como os saberes sobre a diferença sexual afetaram a construção da memória de santidade de Senhorinha, à luz da análise comparativa das três hagiografias que lhe foram dedicadas.



Lidia López Teijeiro

Universidad Complutense de Madrid

## Viaxar entre trópicos: poesía e identidade en Farewell, de Rafa Yáñez

As relacións de poder entre Madrid e Galicia, centro e periferia, parecen actuar á inversa cando do canon literario se trata. A produción poética de autoras e autores madrigalegos destaca pola súa escasa recepción e difusión no país mentres que en Madrid, editoriais non galegas apostan pola publicación de obras novidosas con bastante éxito. Este é o caso do poemario bilingüe *Farewell* (Adeshoras, 2014) do poeta Rafa Yáñez.

O traballo que se presenta aquí pretende analizar o desenvolvemento da identidade literaria do autor a través da súa derradeira obra. A diferenza doutras obras autotraducidas, a estrutura en espello e a reelaboración textual permiten enfrontar o estudo desta peza desde unha perspectiva indentitaria híbrida, interpretación que se pode apoiar tamén no propio testemuño do autor, coñecido a través entrevistas persoais, e na súa traxectoria de formación. Así mesmo, unha análise de temáticas recorrentes como a viaxe ou o tránsito, permitirá confrontar a vontade explícita de moverse dentro dun marco marxinal con outras partes do poemario que parecen contradicir este último aspecto.

Teresa López

Universidade da Coruña

## Tecendo redes: Jean R. Longland e a cultura galega alén mar.

O día 19 de novembro de 1969, Ramón Piñeiro é electo –xunto con Ramón Otero Pedrayo– membro correspondente da Hispanic Society of America, institución con sede en Nova York. O seu nome fora proposto por Jean R. Longland, directora da Biblioteca da sociedade, especialista en bibliografía luso-brasileira e tradutora.

Longland coñecera Piñeiro nunha viaxe a Galiza no ano 1963. A partir dese momento mantiveron un contacto epistolar continuado e unha relación persoal cordial e moi próxima favorecida polas visitas anuais aos Estados Unidos que Piñeiro vai realizar entre 1966 e 1970 para participar na Escola de Verán do Middlebury College en Vermont. Longland mantiña tamén unha estreita colaboración con Ernesto Guerra da Cal, profesor primeiro na New York University e logo na City University of New York, e nome de referencia dos estudos luso-brasileiros.

Na nosa comunicación analizaremos o papel de Jean R. Longland como parte da rede de contactos que Ramón Piñeiro e o grupo Galaxia teceron para a penetración e a difusión da cultura galega no mundo académico norteamericano, apoiándose na presenza de exilados galegos en destacadas universidades (o caso de Emilio González López, do propio Guerra da Cal) e na expansión do lusitanismo.

Antía Marante Arias

Christian-Albrechts-Universität (Kiel)- Universidade  
de Santiago de Compostela

## Os puntos sobre os mapas: representacións e usos do espazo na poesía galega actual de autoría feminina

Esta proposta achegárase ao estudo da poesía galega contemporánea de autoría feminina centrando a súa atención nun aspecto concreto: a análise das representacións do espazo que sobrancean nalgúns poemarios de recente publicación. A análise desde este enfoque antóllasenos suxestiva para o estudo dos discursos e contradiscursos –identitarios, de xénero– que as poetas vehiculan a través das súas propostas.

O obxectivo principal será a confección dun inventario dalgunhas das representacións poéticas do espazos que sobrancean e, en consecuencia, das súas funcións simbólicas. A reflexión sobre a natureza destes espazos e a percura do porqué destas evocacións pretende, en última instancia, completar a descrición xeral do panorama das poetas galegas na actualidade. Deste xeito enfocárase ademais un momento poético, en curso, onde os imaxinarios territoriais son ampliados e deconstruídos.

Alén dos estudos de María López Sánchez sobre a creación discursiva do territorio na literatura galega resultarán tamén suxestivos para a nosa achega os traballos críticos de Helena González sobre poesía galega contemporánea e as análises de Sharon Keefe Ugalde arredor das representacións do espazo na poesía española de autoría feminina. Asemade, as lecturas posmodernas do espazo de autores como Marc Augé –“no-lugar”– ou Paul Smethurst –“Posmodern Chronotope”– e as achegas da xeógrafa Doreen Massey acompañarán o estudo aquí debullado.

Que espazos constrúe nalgunhas das novas poetas? Que reflexións e diálogos entre autoras activan as evocacións espaciais escollidas? Que novidades se incorporan en relación coas poetas precedentes e que queda das representacións espaciais previas? Arredor destas cuestión artellarase esta achega que, finalmente, subliñará a potencialidade do xénero poético como medio para subverter liñas de creación anteriores, colocar novos puntos sobre os mapas e, aínda máis, avanzar na representación literaria de novas cartografías.

## A história imaginária e real da mulher galega na Idade Média

Esta comunicação pretende discutir, utilizando o método histórico-comparativo, a tese de que não houve elevação gradual do papel feminino, a partir da estaca zero, que seriam os tempos medievos; bem ao contrário, um apogeu honroso do desempenho da mulher galega na remota Idade Média, seguido de uma decadência progressiva até o século XIX - provocada pela influência do Direito Romano - e tentativa de recuperação nos milênios seguintes. Na Literatura, o chamamento trovadoresco, particularmente com a imagem da “senhor”, leva a mulher, dominadora, ao comando da relação amorosa. As canções de gesta, os romances de cavalaria e fontes literárias em geral abonam a tese. Ninguém desconhece, por exemplo, o surgimento, nessa época, do culto da mulher, servindo de apoio à Cavalaria e, em consequência, o culto da virgem - ou culto marial -, tomando-se Maria como personificação da mulher no maior esplendor de seus atributos, a função materna. No cenário real, no cotidiano da vida privada, algumas saídas de cena, mas não o bastante para provocação de inércias. E, na vida pública, atividades de influência, inimagináveis para todos quantos desconheçam o universo medieval. A produção de cronistas, biógrafos e hagiógrafos da época, e de historiadores de diversos tempos é chamada para corroborar a proposta.

Clara Marín García, Samuel Nabais López  
Universidad Complutense de Madrid

## Importancia de Eliseo Alonso na base da prensa galego-arxentina

Buenos Aires, tamén coñecida como a quinta provincia galega, foi un dos grandes focos migratorios de Galicia durante o século vinte. No seo da comunidade galego-arxentina da época, van aparecer novas voces para a escrita en galego. A través da literatura e da creación de novas canles de expresión, nomeadamente revistas como Airiños (1944-) ou Mundo Gallego. Revista de Galicia en América (1951-1952), persoas como Eliseo Alonso (1924-1996), contribuirán ao nacemento dunha conciencia e dunha identidade galega fóra das súas fronteiras nacionais. Este traballo ten como obxectivo contribuír no estudo da figura de Eliseo e analizar as súas achegas ás bases identitarias galego-arxentinas. Tomando como fontes principais a prensa galega porteña e as súas colaboracións, referiremos os elementos culturais máis relevantes que actuaron como modificadores da identidade desta comunidade emigrada e máis da súa descendencia. Estas persoas, tras coñecer unha nova cultura galega pasada polos filtros do exilio e a súa intelectualidade, integranse na colectividade de xeitos diferentes ao longo do tempo e mesmo serán quen de constituír, con posterioridade, novos proxectos identitarios.

Yolanda Martínez Suárez

Universitat Autònoma de Barcelona/Universidade  
de Santiago de Compostela

## Reflexións identitarias da migración Norte-Sur

As identidades débúxanse nas fronteiras. E malia a borrosidade do presente, estas fronteiras mostran un fío nos saltos entre elas. Nestes arames, como se de silvas se tratase, quedan enganchadas, as identidades de xénero, co que agroman as reflexións sobre elas. Unha basta literatura do feminismo e as teorías das migracións, remite ás viaxes identitarias do Sur ao Norte, mais non viceversa. Aquí reflexionábase, dende a teoría, do salto dende Europa, mesmo dende o Sur do europeísmo, cara Latinoamericana, un “Sur global”, dito con Sassen. Os estudos dispoñibles, centrados nos fluxos Sur - Norte, aproxímanse ás transformacións das identidades dende unha perspectiva de xénero. Apuntan aos conflitos que carretan as migracións para as mulleres, os garantes das identidades culturais, cunha oscilación entre o optimismo e a negatividade. Sen embargo, faltan estudos sobre as transformacións das identidades das mulleres que migran de Norte a Sur, máis en concreto dende Galiza. Se en “Nin putas nin submisas” o polo coercitivo era, sobre todo, a comunidade de orixe, no caso das migracións dende Europa cara Latinoamericana, a presión de xénero, sobre as migradas, exércena as comunidades de destino. Se ben, tamén, cómpre analizar varios factores diferenciais que apuntan trazos positivos na escala de autonomía destas mulleres.

Carmen Mejía Ruiz

Universidad Complutense de Madrid

Tres tempos e a esperanza ( 1962/2002)  
de M Victoria Villaverde. Un testemuño feminino  
da guerra civil desde o exilio.

A literatura é unha das principais fontes testemuñais do exilio, dado que moitos escritores viviron os feitos que narran e os trasmiten. É o caso da obra que estudamos, testemuño do vivido por M<sup>a</sup> Victoria Villaverde antes, durante e despois da Guerra Civil. Se o recurso de moitos exiliados para resolver os conflitos internos na nova situación de exiliados (inadaptación, frustración, depresión, culpabilidade, sensación de abandono, etc.) é a idealización coa intención de ocultar o sufrimento non exteriorizado, en *Tres tempos e a esperanza* a escritora non recorre á idealización senon que o seu discurso é un testemuño do vivido. A autora recupera no exilio a historia da súa vida coa finalidade de “quedar, non para sacar a angustia”. Así pois, profundizaremos na narración da memoria da “ola violenta que arrasou a homes e pobos para someter ata o propio paisaxe na loucura”, definiremos os elementos caracterizadores da escrita feminina de María Victoria Villaverde e destacaremos os lugares, os tempos e as “cicatrices marcadas na pel da memoria”, pegadas espectrais (Thompson 2009), da nosa escritora narradas en *Tres tempos e a esperanza* como testemuño do que lle tocou vivir.

Katarzyna Moszczyska-Dürst

Uniwersytet Warszawski

“Entre el orgullo, el amor romántico y las zonas  
“invivibles” de la vida: A semellanza,  
de María Xosé Queizán”

Nuestro objetivo es analizar *A semellanza*, de María Xosé Queizán desde el cruce entre la teoría de las emociones y los estudios de género. Así, en primer lugar, analizaremos las maneras en las que el texto literario codifica emociones sociales en general, prestando atención especial a la representación del orgullo/vergüenza, amor/odio y nos preguntaremos por su supuesto carácter conservador/subversivo, así como por su vinculación a la lógica cultural dominante. Asimismo, veremos cómo los personajes trans-género protagónicos habitan los márgenes de los discursos sociales y emotivos normativos, representando las zonas “invivibles” (Butler, 2002) de la vida social que, sin embargo, está densamente habitada por seres que no gozan del estatus de sujeto y cuya vida no cuenta como una vida. Esta zona de inhabitabilidad se constituye, en la novela de Queizán, como el lugar oculto de identificaciones y des-identificaciones desde el cual se generan éticas y políticas de emociones y de género.



Xaquín Núñez Sabarís

Universidade do Minho

## Mar adentro, de Vidal Bolaño, nas interseccións da dramaturxia galega e portuguesa

No ano 2001 o Centro Dramático Galego estrea a obra *Mar revolto*, escrita por Vidal Bolaño e dirixida polo director portugués José Martins. A peza obedece ao primeiro proxecto teatral conxunto entre a dramaturxia portuguesa e galega ao longo do presente século. Nesta comunicación analizarase o contexto de converxencia e intercambios teatrais galego-portugueses nos últimos 15 anos e a dramaturxia e recepción desta peza, así como a temática escollida por Vidal Bolaño –o secuestro en 1961 do navío Santa María (Santa Liberdade). O episodio histórico, protagonizado por revolucionarios galegos e portugueses, resulta, a dicir do autor, moi acaído para esta proposta teatral conxunta, con o propósito de crear un repertorio autóctono que fortaleza a industria e as redes teatrais de Galicia e Portugal.

Marta Anna Pawlikowska

Uniuersytet Łódzki

## As formas híbridas no discurso en galego: unha identidade híbrida?

No discurso dos galegos pódense observar desde hai moito tempo formas híbridas que unen o castelán co galego. Son as formas léxicas e verbais que forman xunto con casos de alternancia ou cambio de códigos o chamado castro ou chapurrao.

Servíndonos dos exemplos atopados no corpus formado para a tese de doutoramento e analizando ditos exemplos, tentaremos responder a pregunta feita no título da nosa proposta. O hibridismo como unha nova metodoloxía na lingüística permítenos a vista máis holística dos distintos fenómenos que poboan a fala dos galegos. Dentro do pensamento “tanto iso como aquilo” preguntámonos se as formas híbridas entre o galego e o castelán poden traducirse no xurdimento dunha identidade híbrida que non exclúe ningunha das linguas e culturas senón as trata como un conxunto.

Apoiarémonos tamén nos estudos pertinentes ao tema de hibridismo en Galicia realizados tanto por Eva Gugenberger (2013) como por Ana Álvarez Iglesias (2013) e presentaremos un contexto mais amplo para o cambio de estamos a observar.

Montse Pena Presas

Universidade de Santiago de Compostela

## A pegada do feminismo na literatura infantil e xuvenil galega: o papel das obras traducidas

O feminismo como movemento social deixou diferentes pegadas nos textos infantís e xuvenís galegos. Isto pódese apreciar tanto nas obras máis militantes (as publicadas fundamentalmente a partir de 1980 a 1989), como nas que se xeralizan os personaxes de nenas e de mulleres como protagonistas (nunha etapa que pode abarcar dende 1990 a 2006, aproximadamente) e, moi especialmente, no período que se alonga dende 2007 á actualidade, no que o feminismo entra en contacto, nos textos de LIX, con outras subxectividades alternativas como a diversidade funcional.

Ademais de explorar e indicar cales son as características máis relevantes de cada unha destas etapas –que se exemplificarán a través da análise de obras concretas–, a comunicación tentará explorar, moi especialmente, cal foi o papel que as traducións para o galego xogaron como importadoras de liñas temáticas, roles xenéricos ou subxectividades alternativas vencelladas ou relacionadas co que se deu en chamar como “feminismo social”. Téñase en conta, ademais, que os textos traducidos xogaron un papel moi relevante nos primeiros anos do campo literario, cando era preciso fornecer de obras literarias ao ensino, polo que tamén puideron operar como modelos para as autoras e autores.

Álvaro Pico Moreno, M Isabel Gómez Rodríguez,  
Clara Isabel Marín García, Samuel Nabais López  
Universidad Complutense de Madrid

## A colección Benito Soto e o canon literario galego

As obras historicamente representativas do canon literario galego e español mantivéronse apenas intocábeis durante décadas. Porén, algúns estudosos coma Juan Goytisolo, Francisco Márquez Villanueva ou Américo Castro optaron por revisar a súa construción, promovendo a inclusión e o traballo arredor doutros escritos abandonados nas marxes. Seguindo esta liña de investigación e análise, Nesta proposta ofreceremos pautas para o estudo da colección de poesía Benito Soto (1949-1950). Formada por trece poemarios, a pesar de contar no seu seo con obras e autores canónicos da literatura galega, apenas foi considerada no seu conxunto. A miúdo, desta serie, só as obras en galego aparecen referidas nos manuais, prescindindo das que se atopan escritas en castelán e ignorando a súa condición identitaria híbrida. Este tipo de aproximacións poden axudar no futuro á recuperación doutras publicacións tamén illadas polos mesmos motivos, pero que poderían achegar interesantes títulos ao marco literario galego representativo.

Marta del Pozo

University of Massachusetts-Dartmouth

## Arraianos, de Eloy Enciso: la construcción de una realidad imaginada

Arraianos (2013) del director gallego Eloy Enciso, es una película que juega en el terreno del documental. Basada en O Bosque, la obra existencialista del escrito gallego Jenaro Marinhas y yuxtaponiendo los parlamentos de dicha obra de mano de actores no profesionales con escenas de la vida diaria en a Raia, el límite geográfico entre Galicia y Portugal, el resultado es una ficción documental que se sitúa en todos los límites posibles: geográficos, temporales y mentales, además de presentación/ representación, realidad / ficción, mito/ realidad. El resultado de Enciso es la articulación de la identidad gallega arraiana en un no--lugar en toda su acepción. En esta ponencia se verá sin embargo cómo este no espacio identitario es resuelto de manera constructiva mediante una apelación a los actos de fe, de creencias y de amor.

Begoña Regueiro Salgado  
Universidad Complutense de Madrid

## Poesía de expresión gallega en Madrid. La identidad híbrida del Grupo Bilbao a través de Manuel Pereira y Luz Pichel

Desde hace siglos, la emigración de gallegos a Madrid ha dado lugar a importantes núcleos de cultura gallega en la capital de España; así, desde Rosalía hasta Borobó o Vicente Araguas en la actualidad, la presencia de “los madry-galegos” ha sido constante.

El Grupo Bilbao de poesía en expresión gallega en Madrid es, quizá, la muestra más significativa de este hecho en la actualidad. Se trata de poetas que se reúnen asiduamente, que organizan actos culturales y recitales, y que publican antologías conjuntas. Este grupo, no obstante, presenta un eclecticismo tal en cuanto a generaciones y estilos literarios que se ha llegado a dudar de su entidad como grupo, ¿cuál es el elemento de cohesión dentro de esta diversidad?

Lo que propongo en este estudio es el análisis de la identidad híbrida o “trans” de los integrantes del grupo Bilbao como rasgo común que los une y que se plasma en su actividad y en su obra, lo que trataré de mostrar a través del análisis de obras de Manuel Pereira y Luz Pichel.

Leila Rodrigues da Silva

Universidade Federal do Rio de Janeiro

## Vita Sancti Fructuosi, atividade monástica, cristianização e construção de identidade cultural no século VII

O processo de cristianização que marcou o início da Idade Média, de um modo geral, e das populações da Galiza, em particular, está diretamente associado à construção da identidade cultural daquelas populações. Neste ambiente, em fins do século VII, produziu-se uma hagiografia dedicada a Frutuoso, monge e bispo de Braga. Como próprio deste gênero literário, na hagiografia em questão destacou-se a possibilidade do santo agir em benefício dos fiéis e representar um exemplo a ser seguido, dentre outros topoi. Identificado como promotor do monacato, as características associadas ao hagiografado foram concebidas no referido texto de modo a valorizar aspectos peculiares da atividade monástica.

Neste trabalho, tendo como referência a produção historiográfica e a conjuntura de organização da instituição eclesiástica, buscar-se-á problematizar os elementos presentes na Vita Sancti Fructuosi relacionados ao monacato, com o intuito de verificar como a experiência monástica fructuosiana se expressa no texto em questão e se vincula à expansão do Cristianismo no noroeste peninsular.

Alicia Romero López

Universidad Complutense de Madrid

## Relacións de xénero na narrativa de Laura Caveiro

A escritora Laura Caveiro (1967) é autora da primeira novela criminal de autoría feminina en lingua galega, *Polas inmensas e alleas fortunas* (1995), e de *As naos afondando* (1999). A nosa análise destes textos estará enfocada ao estudo das relacións de xénero entre as personaxes principais. Por unha banda, na novela *Polas inmensas...* aprofundarase na figura do detective privado Tom Vas, xa que consideramos que é unha parodia do detective misóxino, e aí radica un dos temas máis importantes da obra. A través da escritura en primeira persoa a autora achega o lector, de forma irónica e maxistral, á polémica das relacións de xénero. Pola outra banda, no estudo de *As naos afondando* tamén se analizará a figura do protagonista Henrique Amaros, que responde ás características típicas do Don Xoán. Como se pode observar a autora traballa con dúas figuras masculinas controvertidas. A nosa comunicación empregará unha perspectiva actual de xénero para estudar como se desenvolve a relación destes homes coas mulleres que os rodean. A crítica feminista, xa marcada pola autora nos seus textos, será para nós o punto de partida e a base dende a que analizaremos as súas obras en relación coa sociedade na que se desenvolven.



Lara Rozados Lorenzo

Universidade de Santiago de Compostela

## Videocreación e activismo en rede nas poetas galegas contemporáneas. As Candongas do Quirombo

Recentemente xurdiron en Galicia novas voces poéticas representativas da emerxencia de linguaxes, que supoñen unha práctica de resistencia fronte aos discursos hexemónicos, ao subverteren o establecemento dunha identidade unívoca, non mutable e pechada; unha idea de autoría baseada nun principio de autoridade, cunha figura individual caracterizada polos presupostos do “xenio” autoral; e a construción do aparato normativo artellado sobre a noción de xénero.

Conségueno a través de prácticas que poñen en cuestión a devandita noción de identidade, e camiñan cara a outra moito máis conflitiva, mais consciente do seu carácter fragmentario, mutable, construído, e partícipe na colectividade. Estas prácticas propoñen o salto da “creadora” individual á actividade compartida, e incardínanse dentro de posturas activistas de funcionamento en rede. A creación é concibida como proceso, máis que como elaboración dun produto acabado (“obra de arte”), e varias linguaxes van da man da poesía: a performance, a videocreación, manifestacións artísticas coma o graffiti, fanzines, accións de rúa... O que ten que ver co corpo e coa autorrepresentación é estratéxico para darlles a volta aos estereotipos de xénero. Abordarémolo a través do traballo como videocreadoras do colectivo As Candongas do Quirombo (<https://vimeo.com/ascandongas>), que conxuga poesía, artes visuais, documento e denuncia.

Saleta de Salvador Agra

Universidade de Vigo

## Prácticas ciberfeministas dende a “guerrilla semiolóxica”: das Matrix a Todo Pírolos

A actualidade das prácticas ciberfeministas volve sobre a posibilidade de empregar a linguaxe como ferramenta para mudar a realidade dende a mediación tecnolóxica. Vintecinco anos despois das provocativas accións das VeNus Matrix e do seu Manifesto Ciberfeminista, cómpre deterse a analizar a influencia que estas prácticas pioneiras teñen, en concreto, no espazo público da Rede en Galiza. Recentes iniciativas ciberfeministas, como TodoPírolos, na estela de allmalepanel, seguen a demandar a visibilización das mulleres ante o imperante falocentrismo, pero agora nas Redes Sociais (Facebook e Twitter). A proposta deste texto implica analizar comparativamente as accións ciberfeministas do pasado e do presente, pensadas aquí como diferentes “guerrillas semiolóxicas” (Eco, 1987) que comparten a loita contra a pasividade da recepción e a unidireccionalidade do discurso único como adversarios. Isto é, dende o lugar común da necesidade de librar a batalla dende a trincheira da recepción, reflexionárase sobre a efectividade dunha rebelión orquestada dende a linguaxe performativa da Web, posibilitada polo poder de facer cousas con signos e das consecuencias de escoller o código dende o que descifrar as mensaxes.

Santiago Sanjurjo Díaz

Universidad Complutense de Madrid

## “A crítica política da saudade como rasgo identitario galego en Daniel Cortezón”

O dramaturgo Daniel Cortezón (1927-2009) é fundamentalmente coñecido polos seus dramas históricos. Títulos como Prisciliano (1970), Os Irmandiños (1978) e Pedro Madruga (1978) forman xa parte do máis senlleiro do teatro galego, a pesar do desapercibido que adoita pasar este autor nos manuais de literatura e da escaseza de estudos sobre a súa obra.

Aínda menos coñecida é a súa produción ensaística, gran parte da cal aínda fica inédita. Porén, títulos como O espírito de Galiza (1955), Pantocrítica galiciana (1956), De la saudade y sus formas (1960) ou Sobor das condicións do asalto á razón (1990) resultan absolutamente fundamentais para entender o proxecto intelectual e literario que presidiu toda a obra de Cortezón: a “recuperación da memoria histórica épica [...] dun pobo consumido [...] nun saiaante victimismo xustificativo”. Segundo el, a causa do fracaso histórico de Galicia como nación hai que buscala no que, seguindo a proposta de Helena Migueléz-Carballeira, se podería definir como “identidade sentimental” (compuesta de lirismo, saudade, humor...) e que constituiría un lastre no político.

Esta contribución busca analizar a lectura que fai Cortezón do concepto de saudade e estudar como se plasman as consecuencias políticas do mesmo nos seus textos literarios, fundamentalmente en A vila sulagada.

